

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 21 de novembro de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 21 de novembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35784.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025.

2.35785.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026. (EXPTE. 2025060802)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere impulsar en colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proxectos, programas e actividades para a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero na provincia. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión das axudas que van dirixidas a estes concellos que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións.

Resultando que con data do 29 de outubro de 2025 a Secretaría Xeral, con CSV Y92A7945NJEN7KSU, emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2026.



Resultando que con data do 5 de novembro de 2025 Intervención emite informe favorable á tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, co CSV 69TH92H6JWPYUII3, indicando que o importe desta convocatoria, que ascende a 260.000 €, se afrontará con cargo á aplicación 26/250.2315.480.01, quedando condicionada a aprobación destas bases á aprobación definitiva do orzamento do ano 2026 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2026, quedando esta aprobación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento deste organismo provincial para o ano 2026.

Estas bases figuran no expediente co CSV- 1WZLVHD2KSPB1ABA co seguinte teor literal:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026

Nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española e na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, recóllese a igualdade como dereito. En ambas as normas establécese que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

Adicionalmente, no artigo 36.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese como competencias propias das deputacións a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, co fin de asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.

Con estes antecedentes, e segundo o obxectivo 5 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, conseguir a igualdade real e efectiva entre as mulleres e os homes en todos os ámbitos da vida social, política e económica e loitar contra a violencia de xénero constitúen unha das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra, impulsadas a través do Servizo de Igualdade.



Para levar a cabo esta liña de acción, a institución provincial considera que é necesaria a colaboración estreita cos concellos, por ser o nivel máis próximo á cidadanía e polo coñecemento que estes teñen da súa poboación, co fin de promover e realizar actuacións para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 25.2.o da LRBRL, tras a súa nova redacción dada pola disposición final primeira do Real decreto lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, é competencia do municipio o desenvolvemento de actuacións para a promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.

Así, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrência competitiva, para os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2026.

Estas subvencións rexeranse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG); e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2026.

Segunda. Financiamento

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/250.2315.462.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a douscentos sesenta mil (260.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria mentres non se amplíe o crédito da aplicación.

Terceira. Entidades destinatarias

Poderán concorrer a esta convocatoria os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, de acordo cos datos de poboación publicados na revisión do padrón municipal o 1 de xaneiro de 2026 polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

Para poder acceder ás subvencións as entidades deberán cumprir as condicións e os requisitos establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións e estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para a percepción de subvencións recollidos na lei.

Cuarta. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- *Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia machista.*
- *Proxectos e iniciativas xurdidas dos acordos das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.*
- *Proxectos para mellorar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, ás súas fillas e fillos e ás persoas dependentes ao seu cargo.*
- *Programas e actuacións destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades.*
- *Proxectos para mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.*



- *Accións e actividades centradas na elaboración do Plan municipal de igualdade, así como as orientadas á súa difusión e avaliación.*
- *Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e profesional.*
- *Accións e actividades de prevención e sensibilización no eido educativo dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ás familias co fin de dotalos de estratexias educativas para fomentar a igualdade de trato e de oportunidades.*
- *Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade de xénero.*
- *Contratación de persoal empregado público especialista en materia de igualdade (axentes de igualdade, persoas promotoras da igualdade de xénero, técnicas e técnicos de igualdade) que realice as tarefas relacionadas coa promoción da igualdade de mulleres e homes no ano 2026 a través de proxectos específicos. Financiaranse os gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal técnico municipal que desenvolva o proxecto.*

As accións deberán realizarse durante o ano 2026 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

Con carácter xeral, o gasto considerase realizado cando o órgano competente da entidade local contabilice o recoñecemento da obriga. As entidades locais beneficiarias deberán acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar a contía de seis mil (6.000,00) euros.

Quinta. Gastos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- *Proxectos, programas ou actividades que non teñan como obxectivo principal fomentar e conseguir a igualdade de xénero e loitar contra a violencia machista ou que contraveñan o interese público que persegue a Deputación.*
- *Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro) salvo aqueles directamente relacionados con desenvolvemento do proxecto a financiar a través desta liña de subvencións.*
- *Gastos referidos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas, e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxectivo do programa.*
- *Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*
- *Gastos relativos á adquisición de equipamento ou material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros).*

Sexta. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración, sempre que o conxunto das axudas recibidas non supere o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións subvencionadas nesta convocatoria non poderán obter outra subvención nin serán compatibles con outras concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio 2026.

Sétima. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema C@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).



Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

Oitava. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Documentación

Os concellos interesados deberán achegar, coa solicitude, a seguinte documentación:

- Certificado do acordo ou da resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproba a solicitude de subvención e o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para realizar a actividade.*
- Certificado da Secretaría do Concello no que se indique a existencia ou inexistencia dun Plan municipal de igualdade aprobado e en vigor ou da Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, constituída e operativa, segundo o modelo normalizado (anexo II).*
- Proxecto explicativo e orzamento detallado das actuacións para as que se solicita a subvención asinados pola persoa representante do Concello.*
- De ser o caso, debe achegarse a certificación ou o documento probatorio da entidade ou institución coa que se traballe en rede para xustificar esta colaboración.*

Décima. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, en caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.



A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo segunda. Instrución do procedemento e Comisión de Valoración

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales deberá formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa do Servizo poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e se explicarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no seu caso, o motivo da exclusión.

Para calcular a contía da subvención empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Tamén se incluírá o informe sobre o algoritmo de cálculo empregado.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle suxerirá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade*
- Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario: unha persoa do mesmo servizo e outra do de Intervención*
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade, que actuará sen voto*

Décimo terceira. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva.

Cada proxecto poderase valorar cun máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios e coas valoracións correspondentes:

- 1. Calidade e contido técnico da proposta, ata un máximo de 40 puntos:*
 - a) Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 20 puntos.*
 - b) Metodoloxía que se vai empregar na realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos.*
 - c) Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.*
 - d) Utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos.*
- 2. Incidencia social do proxecto, do programa ou da actividade, ata un máximo de 35 puntos:*
 - a) Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 7 puntos:*
 - Menos de 50 persoas: 1 punto*
 - Entre 50 e 150 persoas: 3 puntos*



- *Entre 151 e 250 persoas: 5 puntos*
 - *Máis de 250 persoas: 7 puntos*
 - b) *Poboación total do municipio, segundo as cifras oficiais recollidas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), ata un máximo de 8 puntos:*
 - *Ata 5.000 habitantes: 2 puntos*
 - *De 5.001 a 10.000: 4 puntos*
 - *De 10.001 a 15.000: 6 puntos*
 - *De 15.001 a 20.000: 8 puntos*
 - c) *Grao de clasificación dos concellos segundo o seu grao e subgrao de urbanización (GU 2016), ata un máximo de 5 puntos:*
 - *Zonas pouco poboadas (ZPP): 2 puntos e, ademais:*
 - ZPP baixa: 3 puntos*
 - ZPP intermedia: 2 puntos*
 - ZPP alta: 1 punto*
 - *Zonas intermedias poboadas (ZIP): 1 punto e, ademais:*
 - ZIP baixa: 0,5 puntos*
 - ZIP intermedia: 0,25 puntos*
 - d) *Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade ou institución, ata un máximo de 10 puntos.*
 - e) *Temporalización das actividades que se van realizar, ata un máximo de 5 puntos:*
 - *Menos de 3 meses: 1 punto*
 - *De 3 a 6 meses: 3 puntos*
 - *Máis de 6 meses: 5 puntos*
3. *Recursos, capacidade de xestión e compromiso do Concello coa igualdade, ata un máximo de 25 puntos:*
- a) *Esforzo económico do Concello solicitante no autofinanciamento do proxecto con recursos xerais seus, que exclúa calquera subvención, axuda ou achega das persoas usuarias ou participantes, ata un máximo de 10 puntos:*
 - *Ata un 10 %: 1 punto*
 - *Se é maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos*
 - *Se é maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos*
 - *Se é maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos*
 - *Se é maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos*
 - *Se é maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos*
 - *Se é maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos*
 - *Se é maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos*
 - *Se é maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos*
 - *Se é maior do 90 %: 10 puntos*
 - b) *Porcentaxe do crédito inicial do orzamento municipal total vixente dedicado á igualdade e á loita contra a violencia machista, ata un máximo de 5 puntos:*
 - *Menos do 0,5 %: 1 punto*



- Do 0,5 % ao 1 %: 3 puntos
 - Máis do 1 %: 5 puntos
- c) Por ter un Plan municipal de igualdade aprobado e en vigor, 5 puntos.
- d) Por ter unha Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero constituída e operativa, 5 puntos.

Décimo cuarta. Resolución

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto nos artigos 40 e seguintes da LPACAP e nestas bases.

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Segundo se establece no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), unha vez notificada a resolución de concesión, logo dunha solicitude razoada e sempre que se manteña a finalidade da subvención, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido, que se poderá autorizar sempre e cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta da comisión avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado).*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.*

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.

Este cambio deberá realizarse durante o ano 2026, segundo se recolle no artigo 64.2 do RLXS.

Décimo sexta. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán de prazo para xustificalas ata o 28 de febreiro de 2027, este incluído.

1. *De producírense circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, poderán solicitar unha prórroga antes de rematar o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP). O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do RLXS).*
2. *Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificable co límite da subvención concedida. A desviación entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial non debe superar o 20 %.*



3. Para cobrar a axuda concedida os concellos deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
4. Os proxectos, os programas ou as actividades que se realicen deben axustarse aos presentados inicialmente. En caso de que non se cumpran os criterios avaliados na solicitude presentada, a Deputación de Pontevedra poderá reducir o importe da subvención na parte proporcional.

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo primeira:

- a. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. Indicarase en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total, acompañadas do acordo ou da resolución do órgano competente do Concello mediante o cal se aproban as devanditas facturas ou ben unha certificación de Secretaría ou Intervención (ou do persoal competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figura na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e foron aprobados polo órgano competente, e que os xustificantes correspondentes quedarán á disposición da Deputación para o seu exame, de considerarse oportuno.
- b. Conta xustificativa (Anexo I) dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, con detalle das facturas ou dos documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e na que se poña de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da institución provincial para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- c. Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos.
- d. Acreditación da divulgación do financiamento da actividade subvencionada por parte do organismo provincial, para o que será necesario a declaración responsable da persoa representante, acompañada, no seu caso, de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado nesta base ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

En caso de que a xustificación estivese incompleta ou defectuosa, requiriráselle á entidade beneficiaria que corrixa os erros ou defectos observados ou que achegue os documentos solicitados nun prazo de dez (10) días.

A falta de presentación da documentación en prazo supoñerá a perda da subvención, o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro, a existencia do reintegro e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Décimo sétima. Pagamento da subvención

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- De xustificarse o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda.
- De xustificarse un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo Concello na solicitude.

As entidades beneficiarias aboarán os gastos que figuren na conta xustificativa, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.



Décimo oitava. Obrigas das entidades subvencionadas

As entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

- a. Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que foi concedida; executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.*
- b. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos competentes, e achegar canta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- c. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- d. Facer constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para difundir o proxecto ou as actividades, que estas se realizaron co financiamento da Deputación; incorporárase para iso o logotipo institucional. As normas de imaxe corporativa pódense consultar en comunicacion@depo.gal.*
- e. Comunicarlle á institución provincial calquera modificación das condicións que se tivesen en conta para conceder a subvención, ademais de facilitarlle canta información se lles requira relacionada coas actividades e cos programas subvencionados.*

Décimo novena. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

Deberán devolverse ou reintegrarse as axudas concedidas ou perderase o dereito a cobralas nos seguintes casos:

- 1. Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- 2. Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
- 3. Por incumprir as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésima. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases; serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2026.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderáselles esixir responsabilidades administrativas e quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.



Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo terceira. Confidencialidade dos proxectos

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, o servizo instrutor non divulgará os proxectos presentados polas persoas interesadas que estas designasen como confidencial no momento de presentar a súa solicitude, co obxectivo de preservar aspectos confidenciais dos proxectos ou calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento ou noutros posteriores.”

3.35786.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026 (EXPTE. 2025060809)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, considera necesario dar apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión de axudas que van destinadas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que estean inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e, teñan razón social ou delegación na provincia de Pontevedra.

Resultando que con data do 27 de outubro de 2025 (CSV: A5CRMKGX540YAERE) a Secretaría Xeral emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2026.

Resultando que con data do 3 de novembro de 2025 (CSV: 3X3MES7DB8PW7THQ) Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, indicando que o importe desta liña de subvencións, que ascende a 200.000,00 €, se afrontará con cargo á aplicación 26/250.2315.480.01, quedando condicionada a aprobación destas bases á aprobación definitiva do orzamento do ano 2026 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2026, quedando esta aprobación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento deste organismo provincial para o ano 2026.

Estas bases figuran no expediente co CSV- 6YWM8Y5CN2UX7AWB co seguinte teor literal:

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2026

A igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero son unhas das principais liñas estratéxicas de actuación que leva a cabo a Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Igualdade.

Así, desde 2016, este servizo promove unha liña específica de subvencións a asociacións que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

Con esta iniciativa, a Deputación de Pontevedra aposta por integrar o principio de igualdade no conxunto das súas políticas, o que se traduce na consolidación desta liña de subvencións coa que afianzar a consideración da transversalidade de xénero en toda a actividade, tanto na súa dimensión interna coma na externa, de proxección e relacións co conxunto da sociedade.

No ámbito competencial, cómpre destacar que a igualdade é un dereito previsto nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, así como na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia. En ambas as normas establécese que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Nesta liña, na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determinanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Deste xeito, a institución provincial, no marco das súas competencias e segundo o obxectivo 5 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas, considera necesario darlles apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades para conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

De acordo co exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza



reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de 2026 do procedemento de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra durante o ano 2026.

Segunda. Financiamento e réxime económico

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/250.2315.480.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a douscentos mil (200.000,00) euros.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar os sete mil (7.000,00) euros.

Terceira. Réxime xurídico

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.*

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan as actuacións reguladas nesta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal ou establecemento permanente na provincia de Pontevedra.*
- Carecer de fins de lucro.*
- Estar inscritas na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), recollido no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, na data final de presentación de solicitudes.*
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.*
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- Que a actividade desenvolvida pola entidade cumpra as obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia; na demais lexislación vixente en materia de igualdade e no exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.*

Quinta. Actuacións subvencionables

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero.*
- Proxectos de atención integral a vítimas de violencia machista, fillas, fillos e persoas dependentes ao seu cargo.*
- Actuacións e programas destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades.*



- *Proxectos e actividades que favorezan e fomenten a igualdade entre mulleres e homes.*
- *Proxectos encamiñados a mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.*
- *Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*
- *Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade entre mulleres e homes.*

As accións deberán realizarse durante 2026 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

Sexta. Gastos non subvencionables

Quedan excluídas desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- *Proxectos, programas ou actividades que reciben subvención no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.*
- *Actuacións, campañas ou programas que se desenvolvan a través da Deputación de Pontevedra, entre elas as actuacións incluídas no catálogo de actividades do programa “+Xuntas” da Deputación de Pontevedra.*
- *Proxectos que impidan o desenvolvemento do dereito das mulleres a unha vida libre de violencia, que non favorezan a súa autonomía e o seu dereito a decidir libremente e sen coaccións sobre a súa sexualidade, o seu corpo e a súa maternidade, ou que, en definitiva, non lles permitan construír os seus propios proxectos vitais.*
- *Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro).*
- *Gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxecto do programa.*
- *Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*
- *Gastos relativos á adquisición de equipamento ou de material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros).*

Sétima. Compatibilidade das subvencións

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración distinta da Deputación de Pontevedra ou ente público ou privado, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non poderán financiarse mediante outras subvencións outorgadas polo réxime de concesión directa ou concederse por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio de 2026.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de carácter nominativo do centro xestor 250 (Servizo de Igualdade).

Oitava. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.



Novena. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *NIF da persoa representante da entidade solicitante.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, na que se deberá detallar o orzamento da actividade, a seguinte documentación:

- *Acreditación do cargo da persoa representante legal da entidade (só no caso de non utilizar o certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica).*
- *Certificado de inscrición no RUEPSS da Xunta de Galicia na área de Igualdade emitido no ano 2026.*
- *Relación das persoas integrantes da xunta directiva da entidade a través dun certificado emitido pola secretaria ou secretario da entidade ou resolución de inscrición da xunta directiva emitida pola consellería competente da Xunta de Galicia.*
- *Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención, asinado pola persoa representante da entidade, que deberá recoller como mínimo os seguintes datos: nome do proxecto, descrición, persoas beneficiarias, obxectivos, actividades, metodoloxía empregada, temporalización, equipo profesional dedicado ao proxecto (do que se incluírán o cargo, a titulación e a súa formación en materia de xénero e igualdade), avaliación e coordinación ou colaboración con outras entidades ou institucións.*
- *Para valorar o traballo en rede con outras entidades ou institucións debe achegarse a certificación ou o documento probatorio da entidade ou institución coa que se realice esta colaboración para a súa xustificación. Para valorar o traballo en rede que se leve a cabo este debe estar relacionado co desenvolvemento do proxecto para o que se solicita financiamento.*
- *Para valorar a formación en materia de xénero e igualdade de oportunidades do equipo profesional da entidade destinado ao proxecto terase unicamente en conta a formación especializada en materia de igualdade de xénero ou violencia de xénero de aquelas accións formativas que sumen máis de 100 horas por persoa. Non se terán en conta accións formativas de menos de 20 horas.*

Esta formación deberá ser impartida por colexios profesionais, universidades, organizacións sindicais e/ou administracións públicas, e para que se valore deberá acreditarse documentalmente mediante unha copia da titulación ou titulacións no momento da solicitude de financiamento.



A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presentase a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados con anterioridade. Para estes efectos a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, antes de formular a proposta de resolución.

Décimo segunda. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, no caso de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante este procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberáse indicar, no seu caso, o procedemento para o que se está a efectuar o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.



Décimo cuarta. Valoración e criterios de concesión

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizáranse en réxime de concorrencia competitiva. Cada proxecto poderá valorarse cun máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios e as valoracións correspondentes:

4. Calidade e contido técnico do proxecto, ata un máximo de 40 puntos:

- a) Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 15 puntos.*
- b) Metodoloxía proposta para a realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos.*
- c) Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.*
- d) Calidade global da proposta e viabilidade do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.*
- e) Uso dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos.*

5. Incidencia social do proxecto, do programa ou das actividades, ata un máximo de 30 puntos:

- a) Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 5 puntos:*
 - Menos de 25 persoas: 1 punto*
 - Entre 25 e 50 persoas: 3 puntos*
 - Máis de 50 persoas: 5 puntos*
- b) Repercusión no territorio da provincia, ata un máximo de 10 puntos:*
 - Ámbito local: 3 puntos*
 - Ámbito comarcal ou supramunicipal: 6 puntos*
 - Ámbito provincial: 10 puntos*
- c) Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade, ata un máximo de 10 puntos.*
- d) Temporalización das actividades que se levarán a cabo, ata un máximo de 5 puntos.*
 - Menos de 3 meses: 1 punto*
 - De 3 a 6 meses: 3 puntos*
 - Máis de 6 meses: 5 puntos*

6. Recursos e capacidade de xestión da entidade, ata un máximo de 30 puntos:

- a) Esforzo económico da entidade solicitante no autofinanciamento do proxecto, ata un máximo de 10 puntos:*
 - Ata un 10 %: 1 punto*
 - Maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos*
 - Maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos*
 - Maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos*
 - Maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos*
 - Maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos*
 - Maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos*
 - Maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos*
 - Maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos*
 - Maior do 90 %: 10 puntos*
- b) Equipo profesional da entidade destinado ao proxecto con formación en materia de xénero e igualdade de oportunidades: 2 puntos por cada profesional, ata un máximo de 10 puntos.*



c) *Experiencia e traxectoria da entidade en prol da igualdade de oportunidades e na loita contra a violencia machista, ata un máximo de 10 puntos:*

- *Ata 3 anos: 1 punto*
- *Máis de 3 anos e ata os 6 anos: 3 puntos*
- *Máis de 6 anos e ata os 9 anos: 5 puntos*
- *Máis de 9 anos: 10 puntos*

Para calcular a experiencia tomarase como referencia a información contida no RUEPSS da Xunta de Galicia.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación superior a 40 puntos excluíranse da convocatoria.

Décimo quinta. Procedemento de concesión e resolución

A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

A xefa de servizo poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo.

Para calcular a contía da subvención empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Inclúese o informe sobre o algoritmo de cálculo da subvención.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propoñerá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.

A Comisión de Valoración é un órgano Colexiado composto por:

- *Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade*
- *Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario: unha persoa do mesmo servizo e outra do de Intervención*
- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade ou Intervención, que actuará sen voto*

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo sexta. Modificación da resolución

Segundo se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da subvención, que se poderá autorizar cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.



Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo de dous (2) meses desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta previa da comisión avaliadora, na que se deberán ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado).*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.*

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen, e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.

Este cambio deberá realizarse durante o ano 2026, segundo se recolle no artigo 64.2 do Regulamento da LXS.

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

- f. Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que se concedeu e executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.*
- g. Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, ademais de presentar a xustificación na forma e no prazo.*
- h. Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable, de acordo co previsto no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- i. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente e a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar tanta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- j. Dispoñer dos libros contables, dos rexistros dilixenciados e dos demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos esixan as bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
- k. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, xa que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- l. Toda a documentación, a publicidade, a imaxe ou os materiais deberán facer un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.*
- m. Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada; nese caso, o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.*
- n. Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poidan modificarse o seu contido, a súa contía, a súa forma e os seus prazos de execución, e a xustificación dos correspondentes gastos.*



- o. Pagarlles aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.*
- p. As entidades poderán subcontratar a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención, de conformidade co previsto na normativa de subvencións, pero nunca con persoas ou entidades vinculadas a ela, salvo autorización previa expresa do órgano concedente tras a conveniente xustificación da necesidade por parte da entidade solicitante. En ningún caso, a contratación de persoal vinculado á entidade poderá supoñer un importe superior ao 10 % do importe total do orzamento, establecéndose ata un máximo de seiscientos (600) euros por persoa traballadora. O incumprimento destes termos será motivo de denegación da subvención.*

Décimo oitava. Publicidade

Nas accións de promoción e nos materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberase incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo a normativa de identidade corporativa, accesible en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da institución provincial estean visibles nos materiais necesarios para realizar a actividade obxecto da subvención.

Décimo novena. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 28 de febreiro de 2027, este incluído.

- 1. De producírense circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, estas poderán solicitar unha prórroga antes de que remate o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP).
O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do Regulamento da LXS).*
- 2. Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificable co límite da subvención concedida. A desviación máxima entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial será do 20 %.*
- 3. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación esta última que determinará de oficio a propia institución provincial.*

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos segundo o previsto na base décimo terceira:

- e. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios de modo que en cada factura se indiquen o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unha.*
- f. Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, se detallen as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se poña de relevo que os gastos que figuran nesta se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*



- g. *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas e baremadas na solicitude de subvención para a súa concesión, debidamente asinada, na que se especifiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como unha avaliación sobre o impacto de xénero con indicadores e datos desagregados por sexo das persoas beneficiarias.*
- h. *Declaración responsable da persoa representante que acredite a divulgación do financiamento por parte do organismo provincial da actividade subvencionada, acompañada no seu caso de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*

Vixésima. Pagamento da subvención

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda.*
- *En caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados polas entidades beneficiarias, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Vixésimo primeira. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo novena ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo segunda. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

Deberán devolverse ou reintegrarse as axudas concedidas ou producirase a perda do dereito a cobralas nos seguintes casos:

- 4. *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- 5. *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
- 6. *Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésimo terceira. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria
Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2026.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderase esixir responsabilidade administrativa e estas entidades quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na LXS.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada



declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo sexta. Confidencialidade dos proxectos

Sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de acceso á información pública, o servizo instrutor non divulgará os proxectos presentados polas persoas interesadas que estas designasen como confidencial no momento de presentar a súa solicitude, co obxectivo de preservar aspectos confidenciais dos proxectos ou calquera outra información cuxo contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento ou noutros posteriores."

4.35787.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A PROMOCIÓN DA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, PROGRAMA “PROVINCIA + INCLUSIVA” 2025 (EXPTE 2024081319)

1º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o 30 de maio de 2025, aprobou mediante acordo nº 4.35270 a convocatoria e bases reguladoras do programa “Provincia + Inclusiva” para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro, para a promoción da accesibilidade universal (CSX_D/25), publicadas no BOPPO nº 106 do 5 de xuño de 2025.

2º.- Segundo o establecido nas bases reguladoras, a finalidade das subvencións, tramitadas en réxime de concorrência competitiva, é a promoción da accesibilidade universal, mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas e a adquisición de axudas técnicas e sistemas inclusivos de comunicación no ano 2025.

3º.- As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade.
- Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra.
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

4º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 7 de xullo de 2025, rexistráronse un total de 37 solicitudes.



5º.- A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, que realizou de oficio cantas actuacións se estimaron necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación aportada, así como a avaliación das solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos na convocatoria.

6º.- Con data 14 de outubro de 2025, o órgano instrutor emite informe proposta, no que se recolle a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detalla o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e, no caso das excluídas, o motivo(CSV: 9BQYWI0PW918DNUC).

7º.- Con data 15 de outubro de 2025, Intervención emite informe favorable (CSV: 9JZZULJ53O2DOX8K) sobre a fiscalización dos expedientes da convocatoria, previa á aprobación definitiva polo órgano competente, e deixa constancia da existencia de crédito autorizado (Doc. A nº 12025000106691) para facer fronte a este gasto, con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2311.789.00 do vixente orzamento provincial, cos seguintes condicionamentos:

“(...) menciónanse, a continuación, as entidades cuxa concesión de subvención condiciónase á obtención das autorizacións sectoriais correspondentes, e que deberán achegarse coa xustificación da mesma:

EXPEDIENTE	ENTIDADE	AUTORIZACIÓN SECTORIAL	(...)
2025048282	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	Licenza municipal (Concello de Vilagarcía de Arousa)	
2025046523	CENTRO JUAN MARÍA, ASOCIACIÓN ESPERANZA VALLE MIÑOR	Axencia Galega de Infraestructuras	
2025050277	DAR MAS	Licenza municipal (Concello de Pontearreas)	
2025050269	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	Licenza municipal (Concello de Vigo)	

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento, aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia
- Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro.
- Bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, programa “Provincia + Inclusiva” 2025

Consideracións xurídicas e técnicas:

1º.- Avaliado o informe proposta do órgano instructor, fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración emite acta con data 21 de outubro de 2025 (CSV: 826MF8G9Y61Q65OC), no que se recolle a relación de entidades para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, así como aquelas entidades que quedan excluídas e as súas causas:

“(…)

- 7 solicitudes resultaron inadmitidas a trámite segundo o seguinte detalle:

SOLICITUDES EXCLUÍDAS				
● POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA				
Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE	Motivo
1	2025050280	G36592582	ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL STACCATO	Non presentar o proxecto descriptivo (base 10ª)
2	2025050278	G94017704	ASOCIACIÓN O SON DO POBO	Non presentar o proxecto descriptivo (base 10ª)
3	2025050274	G36154813	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SARAMAGOSO	Non estar inscrita no RUEPSS (base 4ª)
4	2025049970	G36873511	ALENTA – ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	O proxecto non cumpre os requisitos establecidos (base 10ª)



5	2025049776	G36880615	FUNDACIÓN INTEGRAL PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	Non ser subvencionables obras realizadas en inmobles en réxime de aluguer (base 5ª)
6	2025049028	R3600336F	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	O proxecto non cumpre os requisitos establecidos (bases 1ª e 10ª)
7	2025044663	G36248011	ASOCIACIÓN LENDA DE SAÚDE MENTAL	Non ser subvencionables obras realizadas en inmobles en réxime de aluguer (base 5ª)

- Das 30 solicitudes que foron admitidas por reunir os requisitos establecidos na convocatoria, e avaliadas conforme os criterios de valoración, a concesión da subvención ás seguintes entidades condiciónase á obtención das autorizacións sectoriais correspondentes, que deberán achegarse coa xustificación da mesma:

EXPEDIENTE	ENTIDADE	AUTORIZACIÓN SECTORIAL
2025048282	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	Licenza municipal (Concello de Vilagarcía de Arousa)
2025046523	CENTRO JUAN MARÍA, ASOCIACIÓN ESPERANZA VALLE MIÑOR	Axencia Galega de Infraestruturas
2025050277	DAR MAS	Licenza municipal (Concello de Ponteareas)
2025050269	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	Licenza municipal (Concello de Vigo)

(...)

2º.- Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei xeral de subvencións, o órgano instructor formulou unha proposta de resolución provisional das entidades beneficiarias e das excluídas da convocatoria de subvencións para a promoción da accesibilidade universal, dentro do programa “Provincia + Inclusiva” 2025 (CSV: N37LEOME0BK587XF e CN8Q5PHJQPLYO0G6).

3º.- Con data 27 de outubro de 2025, BOPPO N° 205, foi publicado o anuncio relativo á proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a promoción da accesibilidade universal, dentro do programa “Provincia + Inclusiva” 2025, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

4º.- Rematado o prazo outorgado de dez (10) días naturais para formular alegacións á resolución provisional, non se presentan alegacións.



5º.- En base ao anterior, con data 12 de novembro de 2025, o órgano instrutor formula a porposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 30 expedientes propostos, que figuran na RELAC/2025000066 (CSV YBYL05RH6SMPMF BK), e que supoñen o reparto de 197.253,81 euros con cargo á aplicación 25/231.2311.789.00.

6º.- Con data 12 de novembro de 2025, Intervención emite informe favorable do expediente (CSV: WWF609YQZKHTOU21).

PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base décimo terceira da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- A aprobación da concesión das subvencións para a promoción da accesibilidade universal dirixidas ás 30 entidades sen fins de lucro que se detallan a continuación, por un importe total de 197.253,81 euros con cargo á aplicación 25/231.2311.789.00. do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (Doc. A nº12025000106691):

Nº	Concello	NIF	Entidade	Obxecto de Subvención	Importe
1	Bueu	G36456317	Asociación Párkinson de la Provincia de Pontevedra	Adquisición de axudas técnicas	10.000,00 €
2	Cangas	G70217500	Asociación AGAELA	Adquisición de axudas técnicas	5.833,24 €
3	Crecente	R3600113I	Colegio Nuestra Señora de Fátima en Crecente Esclavas de la Virgen Dolorosa	Adquisición de axudas técnicas	4.036,00 €
4	Estrada, A	G15483498	Asociación AGADEA	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación e axudas técnicas	4.758,10 €
5	Guarda, A	G36298867	Asociación Avelaíña	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	8.927,61 €
6	Lalín	G36022762	Asociación para la Protección de los Ancianos de Lalín y Comarca	Sistemas inclusivos de comunicación e axudas técnicas	5.593,60 €
7	Moaña	G36368488	Asociación AFAMO	Adquisición de axudas técnicas	7.440,00 €
8	Mos	R3600131A	Casa Santa María de la Esperanza Esclavas Virgen Dolorosa	Sistemas inclusivos de comunicación	6.623,06 €



9	Mos	G32115941	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade	Obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles e sistemas inclusivos de comunicación	4.624,04 €
10	Nigrán	G36630572	Centro Juan María – Asociación Esperanza del Valle Miñor	Obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles	10.000,00 €
11	Pazos De Borbén	G36870558	Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual de Vigo (ASPAVI)	Adquisición de axudas técnicas	9.140,89 €
12	Ponteareas	G36897247	Dar Más	Obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles e redacción da memoria técnica	6.400,42 €
13	Pontevedra	G36153757	Asociación Amencer-ASPACE	Adquisición de axudas técnicas	10.000,00 €
14	Pontevedra	G28197564	Asociación Española Contra el Cáncer	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	1.301,92 €
15	Pontevedra	G36461697	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Pontevedra	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	6.555,72 €
16	Porrño, O	G36021970	Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual Aceesca	Adquisición de axudas técnicas	10.000,00 €
17	Redondela	G36289064	Asociación Andaina de Persoas con Diversidade Funcional de Redondela	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación e axudas técnicas	6.454,00 €
18	Tomiño	G36452837	Asociación de Persoas con Discapacidade Vontade	Adquisición de axudas técnicas	6.784,31 €
19	Tui	R3600091 G	Congregación Hermanas Franciscanas Hospitalarias	Obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles	10.000,00 €



20	Vigo	G36776920	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer y otras Demencias de Galicia	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación e axudas técnicas	5.303,42 €
21	Vigo	G36605905	Asociación a Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX)	Adquisición de axudas técnicas	8.000,00 €
22	Vigo	G36624120	Asociación APAMP	Adquisición de axudas técnicas	8.350,14 €
23	Vigo	G36642726	Asociación Érguete de Prevención e Intervención en Condutas Adictivas	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	1.911,61 €
24	Vigo	G36962447	Asociación Parkinson de Vigo	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	316,80 €
25	Vigo	G36697324	Down Vigo Asociación para el Síndrome de Down	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	2.048,28 €
26	Vigo	G67116756	Fundación de la Santa Cruz	Obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles e redacción da memoria técnica	7.450,32 €
27	Vilagarcía de Arousa	G36105567	Asociación Autismo Bata	Obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles	10.000,00 €
28	Vilagarcía de Arousa	G36119253	Asociación Lar Pro Salud Mental	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	5.730,62 €
29	Vilagarcía de Arousa	G36302776	Fundación Lar Pro Salud Mental	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación	3.669,71 €
30	Vilagarcía de Arousa	G36017929	Fundación Residencia Divina Pastora	Adquisición de sistemas inclusivos de comunicación e axudas técnicas	10.000,00 €



1.1.- A concesión da subvención para as seguintes entidades está condicionada á achega das correspondentes autorizacións ou comunicacións xunto á documentación xustificativa:

Expediente	Entidade	Autorización Sectorial
2025048282	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	Licenza municipal (Concello de Vilagarcía de Arousa)
2025046523	CENTRO JUAN MARÍA, ASOCIACIÓN ESPERANZA VALLE MIÑOR	Axencia Galega de Infraestruturas
2025050277	DAR MAS	Licenza municipal (Concello de Ponteareas)
2025050269	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	Licenza municipal (Concello de Vigo)

2º.- Desestimar as 7 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

SOLICITUDES EXCLUÍDAS				
● POR NON CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA				
Nº	Nº EXPTE.	CIF	NOME ENTIDADE	Motivo
1	2025050280	G36592582	ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL STACCATO	Non presentar o proxecto descritivo (base 10ª)
2	2025050278	G94017704	ASOCIACIÓN O SON DO POBO	Non presentar o proxecto descritivo (base 10ª)
3	2025050274	G36154813	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SARAMAGOSO	Non estar inscrita no RUEPSS (base 4ª)
4	2025049970	G36873511	ALENTOS – ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	O proxecto non cumpre os requisitos establecidos (base 10ª)



5	2025049776	G36880615	FUNDACIÓN INTEGRAL PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	Non ser subvencionables obras realizadas en inmuebles en réxime de aluguer (base 5ª)
6	2025049028	R3600336F	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	O proxecto non cumpre os requisitos establecidos (bases 1ª e 10ª)
7	2025044663	G36248011	ASOCIACIÓN LENDA DE SAÚDE MENTAL	Non ser subvencionables obras realizadas en inmuebles en réxime de aluguer (base 5ª)

5.35788.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE REDONDELA, NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA 2024 DO INVESTIMENTO “ASCENSOR E HUMANIZACIÓN NO CONTORNO DA PRAZA DA PETANCA-REDONDELA” (EXPTE.2025070084)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do día 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

No marco do Plan +Provincia 2025 Liña 1 - Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 14.35249 de data 23/05/2025, concedéuselle ao concello de Redondela unha subvención por importe de 143.945,36 euros, para financiar o investimento “Reurbanización da rúa do Prego de Montaos en Vilavella, Redondela” (exp.2025019797).

En data 22/10/2025 o concello de Redondela con rexistro WEB2025073159, desiste da finalidade subvencionada salientada no parágrafo anterior, por ter prioridade o financiamento da achega municipal necesaria para realización da obra “Ascensor e humanización no contorno da praza da Petanca-Redondela”, con cargo ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e non contar con crédito suficiente para levalo a cabo. En data 03/11/2025, mediante resolución presidencial 2025008842 (CSV):8P3LK92TW8EK1K7R, trala petición formulada polo concello, acéptanse a desistencia total do concello de Redondela á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimentos “Reurbanización da rúa do Prego de Montaos en Vilavella, Redondela” exp.2025019797, deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 2025/942.9425.762.45 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 143.945,36euros.



Neste contexto, en data 22/10/2025, mediante rexistro WEB2025073159, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do concello de REDONDELA na que, acolléndose ao disposto nas bases 1º e 23º das reguladoras, solicita por cambio de finalidade, unha subvención por importe de 143.945,36 euros, co obxecto do financiamento da aportación municipal ao investimento “ACHEGA PLAN EXTRA_ASCENSOR E HUMANIZACIÓN NO CONTORNO DA PRAZA DA PETANCA-REDONDELA”, cuxo orzamento ascende 956.693,37 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas PLAN EXTRA_24	Fondos propios do Concello
956.693,37€	143.945,36€	669.685,36€	143.062,65€

O importe do orzamento inclúe honorarios de dirección de obra y coordinación de seguridade e saúde por importe total de 79.255,00 euros

O Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en materia de costas, Augas de Galicia, ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, AESA e Patrimonio Cultural; consta no expediente as autorizacións de ditos organismos.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación; precisando que a execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan +Provincia 2025
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición



- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- A base 28ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/10/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 12/11/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/11/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder por cambio de finalidade, unha subvención ao *concello de Redondela*, CIF: P3604500C, no marco do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, por importe de 143.945,36 euros co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extra do investimento “ASCENSOR E HUMANIZACIÓN NO CONTORNO DA PRAZA DA PETANCA-REDONDELA” (expediente nº: 2025070084)”, cuxo orzamento ascende 956.693,37 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas (PLA EXTRA_24)	Fondos propios do Concello
956.693,37 €	143.945,36 €	669.685,36 €	143.062,65 €

O importe do orzamento inclúe honorarios de dirección de obra y coordinación de seguridade e saúde por importe total de 79.255,00 euros

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº 206 do 22/10/2024)
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



6.35789.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CUBERTA CURVA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL ÁLVAREZ DURÁN” (EXPTE. 2025070099)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante acordo da xunta de goberno núm. 8.33979, de data 28/06/2024, se lle concedeu ao Concello de Tui, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, unha subvención polo procedemento de concorrência non competitiva, por importe de 152.632,28 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Renovación de cuberta e reparación estrutural campo de fútbol municipal Álvarez Durán” (Exp.2024020964), en base a un orzamento polo mesmo importe.

En data 01/10/2025 o concello de Tui con rexistro WEB2025068113 achega o decreto da Alcaldía núm.2025-1456 data 30/09/2025, en virtude do cal desiste parcialmente á subvención concedida salientada no parágrafo anterior por resolución do contrato por mutuo acordo entre a administración e a empresa contratista, e en consecuencias dos contratos de servizos, e solicita que o crédito dispoñible por mor da desistencia, por importe de 102.097,00 euros, se destine á actuación “Proyecto de cubierta curva en el campo de fútbol municipal Álvarez Durán”.

En data 10/11/2025, mediante resolución presidencial 2025009034 (CSV):D05AHU36XCTEH827, trala petición formulada polo concello, acéptanse a desistencia parcial do concello de Tui á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimentos “Renovación de cuberta e reparación estrutural campo de fútbol municipal Álvarez Durán” (Exp.2024020964), deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 2025/942.9425.762.45.2024 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 102.097,00 euros.

Neste contexto, en data 22/10/2025, mediante rexistro WEB2025073182, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2024, dunha petición do concello de TUI na que solicita por cambio de finalidade, unha subvención por importe de 102.097,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “CUBERTA CURVA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL ÁLVAREZ DURÁN”, cuxo orzamento ascende 170.209,76 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
170.209,76 €	102.097,00 €	0,00 €	68.112,76 €

O orzamento contempla honorarios por dirección de obra e coordinación seguridade e saúde por importe de 9.317,00 euros.



Consta no expediente documento relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención
- Base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 Liña 1 – Investimentos, que dispón que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino pola desisten total ou parcial da finalidade subvencionada.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/11/2025 e do xefe do servizo de Cooperación de data 10/11/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/11/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder por cambio de finalidade, ao *concello de Tui* (CIF:P3605500B), ao abeiro do Plan +Provincia 2024 liña 1_Investimentos unha subvención por importe de 102.097,00 euros co obxecto do financiamento do investimento “CUBERTA CURVA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL ÁLVAREZ DURÁN” (exp: 2025070099), cuxo orzamento ascende 170.209,76 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
170.209,76€	102.097,00€	0,00€	68.112,76€



O orzamento contempla honorarios por dirección de obra e coordinación seguridade e saúde por importe de 9.317,00 euros

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45.2024 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Tui*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.35790.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025). (EXPTE 2024079743)

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 17/03/2025 e nese prazo, un total de 370 comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra presentaron as correspondentes solicitudes.

Terceiro.- Posteriormente procedeuse a requirir ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra a emenda dos erros, defectos ou omisións emendables detectados nas súas solicitudes, segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª, con expresa advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cuarto.- Incorpóranse aos expedientes de solicitude os informes dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados e que cumpren os criterios que se deben ter en conta segundo as bases.

Quinto.- Á vista da documentación achegada polas entidades solicitantes, propónse excluír as solicitudes relacionadas do Anexo III, ao non axustarse ás bases reguladoras da convocatoria do programa +AQUA 2025.

Sexto.- O financiamento deste programa ascende a un total de dous millón trescentos cincuenta mil euros (2.350.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do



exercicio 2025, imputable contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

Sétimo.- Segundo a base 6ª o procedemento de concesión será o de concorrência competitiva, de acordo cos criterios e baremos contidos na dita base, correspondéndolle a súa instrución ao xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios, tal como se indica na base 7ª.

Oitavo.- Unha vez aplicados os criterios de valoración, elabórase unha proposta de puntuación Anexo I - na que se resulta que das 370 solicitudes presentadas, 26 quedan excluídas nun primeiro momento por non posuír os requisitos fixados nas bases reguladoras e non ser emendables. Outras 64 excluíronse ou renunciaron na fase de instrución debido a que non presentaron a documentación no prazo esixido, non emendaron a solicitude despois do requirimento ou emendaron erroneamente ou presentaron escrito de renuncia a solicitude de subvención.

Noveno.- Visto que o importe solicitado supera a cantidade máxima de dous millón trescentos cincuenta mil euros (2.350.000,00€), procedeuse a levar a cabo o sorteo entre as solicitudes que pasarán a constituír a lista de agarda e que empataron en puntuación en todos os criterios, tal e como se recolle na base 7ª. Consta no expediente a acta do sorteo, documento con CSV: 1EDADO5KQ0ZMLAZX.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL) - Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora sétima de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025) relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez comprobados os expedientes, e determinados os seus obxectos e importes das axudas, elaborárase unha proposta de resolución para someterse á aprobación do órgano competente, previo informe de fiscalización emitido do Servizo de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que se establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Bases de execución 25ª.2 e 4 do Orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Bases reguladoras 1ª, 4ª, 5ª e 6ª subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025), nas que se establecen os gastos obxecto da subvención, as entidades beneficiarias e os requisitos a cumprir polas entidades beneficiarias, o financiamento e os criterios de concesión e a contía das subvencións.
- Base reguladora 7ª do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025), que regula o procedemento de concesión.

CONCLUSIÓN

De acordo cos antecedentes e os fundamentos de dereito, no exercicio das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 63 do ROFRXEL e as Bases específicas de execución do vixente orzamento, o informe do xefe do Servizo de Cooperación de data 18/11/2025, e os informes da intervención provincial de data 18/11/2025 e 19/11/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión de subvencións ao abeiro do “programa de axudas a Comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025)” segundo o procedemento de concorrência competitiva, ás 245 comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias que figuran no Anexo II, para sufragar os gastos de investimentos destinados a mellorar a calidade da auga e o estado das instalacións de captación, potabilización, abastecemento e almacenamento de augas de consumo das comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra, por un importe total de 2.346.306,12€ e de acordo co previsto nas Bases reguladoras.

A concesión de subvención ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias queda condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivo ou á xustificación de que non son precisas para levar a cabo a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras.



Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- b) As entidades beneficiarias deberán ter executadas e xustificadas as actuacións na súa totalidade o 21 de maio de 2026. O incumprimento das obrigas de execución e xustificación dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.
- c) A execución e xustificación destas actuacións correspóndelle ás comunidades de usuarios de augas coa finalidade de abastecemento para consumo humano da provincia de Pontevedra beneficiarias, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- d) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.

2. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 2.346.306,12€ imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais do orzamento provincial para o exercicio 2025.
3. Desestimar as solicitudes relacionadas no Anexo III, de conformidade coas bases reguladoras de subvencións do programa de axudas a Comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025), publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024.
4. Aprobar a lista de agarda coas solicitudes relacionadas no anexo IV.
5. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.35791.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚMERO 2.34165 DO DÍA 30/08/2024 POLO QUE SE CONCEDEU AO CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DA PLANTA 2ª DA CASA CONSISTORIAL PARA AULAS DE FORMACIÓN E ACTIVIDADES”, POR VARIACIÓN DO CADRO DO FINANCIAMENTO (EXPTE. 2024021647)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- Logo da xustificación total do investimento “Renovación rede saneamento rúa Escobeiro” (expediente: 2024022934) e unha vez fiscalizada a documentación xustificativa coa conformidade da Intervención provincial, se constata un saldo a favor do concello de Mondariz-Balneario, polo importe de 9.710,83 euros.
- En data 22/10/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2025073174), ao abeiro do Plan + Provincia 2024, certificado do Decreto núm. 2025-0934 de data 22/10/2025 do concello de Mondariz-Balneario, no que solicita a aplicación da baixa definitiva reflectida no



parágrafo anterior, para a minoración da achega municipal na actuación “*Acondicionamento da planta 2ª da Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*” (expediente: 2024021647), incluída inicialmente no Plan + Provincia 2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA

- Base 30ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que “(...) *Excepcionalmente, permítese a acumulación e aplicación das baixas definitivas a favor do Concello, con independencia do importe do remanente acumulado, cando o seu obxecto sexa minorar ou financiar as achegas municipais de calquera obra incluída inicialmente no Plan Máis Provincia 2024, ao considerar que estas obras non teñen a consideración de novos investimentos.*(...)”

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e visto o informe do xefe do servizo de Cooperación de data 27/10/2025 que conclúe favorablemente a variación do cadro da financiación do investimento e do informe da intervención provincial de data 31/10/2025, a Xunta de goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno número 2.34165 de día 30/08/2024, por variación do cadro do financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta 2ª da Casa Consistorial para aulas de formación e actividades*” (expediente: 2024021647), incluída no Plan + Provincia 2024, do *concello de Mondariz-Balneario*, quedando o financiamento tal e como se reflicte na seguinte táboa:



Orzamento	Subvención - Plan+Provincia 2024	fondos propios
138.444,87	106.507,27	31.937,60

- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno núm. 2.34165 de día 30 de agosto de 2024 con respecto aos condicionantes establecidos (autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, resolución ou acordo de aprobación do proxecto (CSV: 2Y4FVOFFSZXTPYGX) e acta de trazado previo), continúan vixentes.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Mondariz-Balneario*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete de Presidencia.

9.35792.- RENUNCIA Á CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DENTRO DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024) DAS COMUNIDADES DE USUARIOS DE TEMPERAN, FURNIA, ALMUÍÑA, SOBREIRO, ROZADA E LOUREIROS, DO CONCELLO DE A CAÑIZA. (EXPTE 2024014299)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:
“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 06 de decembro de 2023, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA 2024)”, publicadas no BOPPO núm. 243, do 20 de decembro de 2023, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 2 de maio de 2025, adoptou, o acordo número 10.35150 de “concesión de subvencións da convocatoria do programa de “axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024” (Programa +AQUA 2024)”, a 16 que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por esgotarse a totalidade do crédito dispoñible do Programa.

Terceiro.- Á comunidade de usuarios de Temperan, Furnia, Almuíña, Sobreiro, Rozada e Loureiros, do concello de A Cañiza con CIF G36063188, concedéronse 10.000,00 euros. Sen embargo, en data 30/10/2025 mediante rexistro WEB2025075392 renuncia formalmente á subvención concedida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA 2024)

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrência competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que a xefa do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Para a última solicitude que obteña subvención, o importe subvencionable será igual á cantidade restante ata o esgotamento do crédito, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira



solicitude e poderá obter por esta vía unha subvención polo importe restante non subvencionado, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- Artigo 21.1 da LPACAP, polo que a administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala calquera que sexa a forma de iniciación, que no caso da desistencia consistirá na declaración da circunstancia da súa concorrencia, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.
- Artigo 84.1 da LPACAP, polo que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 2, 3, 4 e 5 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse con calquera medio que permita a súa constancia e, en principio, a Administración as aceptará de plano e declarará concluído o procedemento, agás que, persónandose no mesmo terceiros interesados, estes insten a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.



CONCLUSIÓN

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente.

Con suxeición ao antedito, en data 30/10/2025, a comunidade de usuarios de Temperan, Furnia, Almuíña, Sobreiro, Rozada e Loureiros, do concello de A Cañiza con CIF G36063188 presenta a solicitude formal de renuncia á subvención concedida (WEB2025075392) ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA 2024).

Visto o que antecede e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

1º.- Aceptar a renuncia da comunidade de usuarios de Temperan, Furnia, Almuíña, Sobreiro, Rozada e Loureiros, do concello de A Cañiza con CIF G36063188, á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA 2024).

2º.- A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

Réxime competencial e proposta de acordo

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO), nas bases específicas de execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle a Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González”



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 03/11/2025, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 12/12/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aceptar a renuncia da comunidade de usuarios de Temperan, Furnia, Almuíña, Sobreiro, Rozada e Loureiros, do *concello de A Cañiza* con CIF G36063188 á subvención concedida de 10.000,00 euros ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA 2024).
2. A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00 euros previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

10.35793.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO NÚM. 15.35503 DA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 31 DE XULLO DE 2025 DE ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO PR-RENOINN-2024-000360 “CONCELLOS RETO DEMOGRÁFICO +RENOVABLES I; NOS MUNICIPIOS DE PAZOS DE BORBÉN, CERDEDO-COTOBADÉ, PONTE CALDELAS, A LAMA, CRECENTE, VILANOVA DE AROUSA, ARBO E VALGA” E CONCESIÓN DA AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS (EXPTE. 2024067518)

Advertido un erro material en relación ao acordo da Xunta de Goberno do día 31 de xullo de 2025, punto núm. 15.35503, sobre a aceptación da proposta de resolución definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga” e concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios, emito o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, no seu punto núm. 15.35503, aceptou a proposta de resolución definitiva de concesión de axuda polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-RENOINN-2024-000360 “Concellos Reto Demográfico +Renovables I; nos municipios de Pazos de Borbén, Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Crecente, Vilanova de Arousa, Arbo e Valga”.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 11/11/2025 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Reiterar que sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. Como xa se



puxo de manifesto con anterioridade, de optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815) para a anualidade 2026.

O prazo máximo de duración comprende desde o 1 de xaneiro ata o 1 de decembro de 2026, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 282.000,00 euros.

O valor estimado é de 233.057,85 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 2I5H4I58Y8JLBWO4) e de prescricións técnicas (CSV: UXNNYBY06KNW629G) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 282.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2026, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

18.35801.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO ACORDO MARCO QUE REGULE A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS. (EXPTE. 2025048312)

O Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais prevé, dentro dos seus obxectivos, dar un impulso importante á recuperación dos espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria na rede de estradas provinciais da provincia de Pontevedra. Ditos obxectivos teñen como finalidade a mellora da situación ambiental dos núcleos da provincia e o aumento da calidade de vida dos seus cidadáns, por medio do fomento dunha mobilidade máis sostible, así como loitar contra o despoboamento no eido rural, obxectivos que contribúen ao desenvolvemento económico e social da provincia sendo esta unha das competencias das Deputacións de conformidade co artigo 36.1.c) da lei de bases de réximen local.

Para a realización deste impulso é preciso redactar proxectos técnicos para proceder posteriormente á súa execución.

Así mesmo segundo se indica polo Servizo de infraestruturas e vías provinciais na actualidade a Área Técnica do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais non dispón de medios persoais nin materiais suficientes para levar a cabo os referidos traballos. As razóns expostas xustifican a necesidade de contratar os servizos de consultoras externas que aporten profesionais adecuadamente cualificados e experimentados para asegurar o cumprimento eficaz do obxecto do contrato

En base ao exposto, o Director de Infraestruturas e Vías Provinciais e a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, ditaron providencia de inicio solicitando a contratación dun acordo marco para a redacción de proxectos do servizo de infraestruturas e Vías provinciais. O acordo marco ten un prazo de duración de un ano, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Tendo en conta que, polo xefe do servizo de Contratación emítese memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco de servizos ,o procedemento a aplicar é o procedemento aberto , sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21/08/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 03/09/2025.

Visto que con data 18 de setembro de 2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Visto que pola intervención se informa que “As obrigas que se orixinen dos contratos derivados do presente acordo marco financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra. A adxudicación dos contratos baseados no acordo marco quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento provincial para financiar as obrigas dos contratos derivados no exercicio correspondente.”

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 11/11/2025.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do



Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto dun acordo marco do servizo de asistencia técnica de redacción de proxectos do servizo de infraestruturas e vías provinciais, dividido nos seguintes lotes:

Lote 1: Zona norte

Lote 2: Zona centro

Lote 3: Zona sur

O acordo marco ten un prazo de duración de un ano, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais. O valor estimado total é de 1.560.000,00 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: A6VQS678XRXAM791) e de prescricións técnicas (CSV: 4PY1F4SUAMZIF8L8) que rexerán dita contratación.

3.- Nomear responsable do contrato a Xefa dos Servizos administrativos de infraestruturas e Vías Provinciais ou persoa na que delegue asistida polo persoal técnico correspondente

4.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte ao envío do anuncio a oficina de publicacións da Unión Europea para a súa publicación no DOUE.

19.35802.- AMPLIACIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA DRENAXE NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+950 (CONCELLO DE PORRIÑO)” (EXPTE. 2024070955)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/04/2025 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L. (CIF B36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)”, por un importe de 283.442,90 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 20/05/2025 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 20/11/2025.



Resultando.- Que con data 04/11/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX-WEB2025076455), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de “ 25 días laborables”, debido a que durante os meses de setembro e outubro, intentouse a execución das cunetas de formigón proxectadas, pero as choivas impediron levar a cabo ditos traballos o ritmo desexado, retrasando a correcta execución dos mesmos.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: BT9DT94DVA3F46T7 informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: *“...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de UN MES (1), ata o 20 de decembro do 2025. Os traballos pendentes de executar (formigonado en superficie, pavimentación con mestura asfáltica e pintura de marcas viais) son tarefas que dependen directamente da climatoloxía, e tendo en conta o retraso acumulado por dita causa da que aportan xustificación segundo a estación meteorolóxica de referencia na zona, e, que na actualidade tamén segue habendo precipitacións, non é posible que rematen os traballos pendentes no prazo vixente..”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) BFJREBOSB19USW7L, no que se recolle que: *“...en atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en UN (1) MES, sendo a data de finalización deste contrato o día 20/12/2025...”*

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., unha ampliación de prazo de UN (1) MES na execución do contrato de obras “Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 20/12/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.



20.35803.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2025073758 E 2025074089)

a) Vista a relación de operacións con número 2025073758 (CSV: 5P1I9ONOH45126WI), que contén 11 operacións por un importe de 56.826,44 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	56.895,20 €
IVE soportable deducible	26,24 €
Retencións	95,00 €
Total líquido	56.826,44 €

b) Vista a relación de operacións con número 2025074089 (CSV: 567SM0PSWNGU4UYD), que contén 1 operación por un importe de 907,50 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	907,50 €
IVE soportable deducible	00,00 €
Retencións	00,00 €
Total líquido	907,50 €

21.35804.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (EXPTES. 2025073795 E 2025074576)

a) Vista a relación de operacións con número 2025073795 (CSV: 5S5ZDU0CJZTLHOZO), que contén 1 operación por un importe de 3.850,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

PROPOSTA DE ACORDO

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.850,00 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	3.850,00 €



b) Vista a relación de operacións con número 2025074576 (CSV: 5C4E5Z5EYWD6LTXM), que contén 2 operacións por un importe de 5.395,61 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

PROPOSTA DE ACORDO

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	5.395,61 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	5.395,61 €

22.35805.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, REALIZACIÓN DO SORTEO, ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CONSTITUCIÓN DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2025 (EXPTE.2025008471)

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025, acordou a aprobación das “BASES REGULADORAS DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2025”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 77, de 24 de abril de 2025.

Segundo. Lecer en Familia caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

Terceiro. O programa oferta 2.957 prazas nas seguintes modalidades:

- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.
- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.

Cuarto. Segundo a base decimo segunda relativa ao procedemento de concesión das 2.957 prazas (de réxime xeral ou especial) levarase a cabo por sorteo entre as solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos e ata esgotar o crédito previsto para o programa en cada modalidade. Tendo en conta o anterior, cubrirase inicialmente un máximo de 2.957 prazas e as demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.



A adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

Quinto. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, que abarcou do 2 ao 16 de maio de 2025, con data 29 de setembro de 2025 publicouse na páxina Web da Deputación de Pontevedra a resolución provisional de persoas admitidas e non admitidas xunto coas causas de exclusión. E concedeuse un prazo de 5 días hábiles que as persoas solicitantes para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión. Dito prazo foi 30 de setembro ao 6 de outubro de 2025.

Sexto. Con data 14 de outubro de 2025 a deputada delegada da área ditou Resolución Presidencial núm. RP2025008269 aprobando as relacións definitivas das solicitudes do programa e a data do sorteo. A resolución foi publicada na páxina Web. De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, envióselles ás persoas solicitantes unha mensaxe de texto ao número de teléfono móbil para o seu coñecemento e a consulta dos anexos.

Sétimo. O 15 de outubro de 2025 ás 10.30 horas na Sala de Prensa do Pazo Provincial tivo lugar o sorteo para establecer a orde das persoas que foron definitivamente admitidas para participar no programa. O acto contou coa presenza do Secretario accidental da Deputación de Pontevedra para dar fe do mesmo.

Oitavo. Con data 15 de outubro de 2025 a xefa do servizo de Benestar Social emite informe proposta para a fiscalización da adxudicación de prazas e da lista da agarda (CSV 3WJXPL1YCCSUWPH2) e con data 17 de outubro de 2025, o servizo de Intervención emite dilixencia de conformidade coa proposta (CSV X6ELOYUK8MGLD8J)

Noveno. Mediante R.P núm. RP2025008385 de data 17 de outubro de 2025, aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas, excluídas, a adxudicación de prazas e a lista de agarda.

LEXISLACION APLICABLE

- LRBRL e LALG
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- LPACAP
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial

PROPOSTA DE ACORDO:

De acordo co exposto, e tendo en conta a normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Dar conta da aprobación da relación definitiva de persoas admitidas no programa Lecer en Familia 2025 e da relación definitiva de persoas non admitidas, xunto coas causas de exclusión.



Segundo. Dar conta da aprobación da adxudicación de 2.954 prazas.

Terceiro. Dar conta da aprobación da lista de agarda.

Figuran asinados no expediente da convocatoria :

- Relación definitiva de solicitudes admitidas e solicitudes admitidas con algunha persoa non admitida. CSV: V9TSUQ7IXF1QNNMH
- Relación definitiva de solicitudes non admitidas xunto coas causas de rexeitamento. CSV: VPHJWB7TI9P18094
- Relación de solicitudes con praza adxudicada. CSV: VFZ5BQ3YLWZOCPH6
- Relación de solicitudes en lista de agarda. CSV: VZQ4H7LDF02PM8AD

23.35806.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E CONSTITUCIÓN DA LISTA DE AGARDA PROGRAMA + BENESTAR 2025 (EXPTE. 2024066968)

ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. A Xunta de Goberno aprobou, na súa sesión do 13 de decembro de 2024, as bases reguladoras do programa “+ BENESTAR” 2025, que foron modificadas na súa sesión ordinaria do 28 de marzo de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 92 do 16 de maio de 2025.

Segunda. Este programa, cun grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (Saúde e Benestar e Depothermal), ten como finalidade facilitarles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou *spas*) e, ao mesmo tempo, ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Terceiro. O plan + Benestar pon en marcha un programa con 2.127 prazas nos seguintes termos:

- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)
- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo. Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Cuarto. A base decimoterceira do procedemento de concesión das prazas

Establece que se realizará polo réxime de concorrencia competitiva. O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social. A adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno. Excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución presidencial do presidente.



Quinto. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o 16 de maio de 2025 e tramitados todos os expedientes os datos, aprobouse por Resolución Presidencial núm. RP2025006967 de 21 de agosto de 2025 a relación provisional de persoas admitidas e a relación provisional de persoas excluídas xunto coas causas de exclusión. O 25 de agosto de 2025, publicouse no BOPPO núm. 160 o anuncio relativo a publicación dos listados concedendo as persoas solicitantes un prazo de 5 días hábiles para poder emendar os defectos da súa solicitude. O prazo de emenda foi do 26 de agosto ao 2 de setembro de 2025.

Sexto. Rematado o prazo de presentación de emendas, seguindo os criterios de prelación para a adxudicación de prazas segundo as bases, o resultado é o seguinte:

- Total de solicitudes presentadas: 3.776
- Solicitudes admitidas en prazo, tempo e forma: 3.605 das cales:

DESGLOSE DE PRAZAS SUBVENCION	DE E	IMPORTE SUBENCION/PRAZA	PRAZAS ADXUDICADAS	FINANCIAMENTO TOTAL
PRAZAS DE RÉXIME ESPECIAL CON VALORACION SOCIAL	DE	400 €	18	7.200,00 € * Crédito sobrante de 4.800,00 € o que permite adxudicar 48 prazas de réxime xeral a maiores.
PRAZAS DE RÉXIME XERAL	DE	100 €	2.145 (2.097 + 48)	214.500,00 €
TOTAL			2.163	221.700,00 €

- Solicitudes en lista de agarda: 1.442
- Solicitudes rexeitadas: 171
 - o Fora de prazo: 3
 - o Desestimento: 2
 - o Non cumpren requisito para ser persoa beneficiaria: 2
 - o Non presentan a documentación esixida: 121
 - o Presentación de máis dunha solicitude de participación: 43

Sétimo. Con data 16 de setembro de 2025, Intervención emite Dilixencia de fiscalización e conforme do informe-proposta deste Servizo (CSV: C0FI26ULAOL1368F).

Oitavo. Mediante R.P núm. RP2025007528 de data 17 de setembro de 2025, aprobase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, a adxudicación de prazas e a lista de agarda.

LEXISLACION APLICABLE

- LRBR e LALG
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- LPACAP
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos



- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial

PROPOSTA DE ACORDO:

De acordo co exposto, e tendo en conta a normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Dar conta da aprobación da relación definitiva de persoas admitidas no programa “+ Benestar” 2025 e a relación definitiva de persoas non admitidas, xunto coas causas de exclusión.

Segundo. Dar conta da aprobación da adxudicación de 2.163 prazas do programa +Benestar.

Terceiro. Dar conta da aprobación a relación das 1.442 persoas da lista de agarda do programa +Benestar.

Figuran asinados no expediente da convocatoria :

- Figuran asinados no expediente da convocatoria :
- Anexo I. Relación definitiva de (3.605) persoas admitidas co CSV : M0ZEDVGLF52T99UE
- Anexo II. Relación definitiva de (171) persoas excluídas xunto coas causas de exclusión co CSV: 4U3T4QEC5Z9GHRCS
- Anexo III. Relación de 2.163 persoas con praza adxudicada co CSV: M1E3LWXBU4S55698
- Anexo IV. Relación das 1.442 persoas en lista de agarda con CSV: MJOQHW7GN4FHPQKT

24.35807.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

25.35808.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “ADECUACION DA CUBERTA ACTUAL DO GRADERIO DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BURGANS” (EXPTE. 2025074081)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos, dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.
- No marco do Plan + Provincia 2024 Liña 1 - Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 5.33940 de data 21/06/2024, concedéuselle ao concello de CAMBADOS unha subvención por importe de 65.395,25 €, para financiar o investimento “REPARACIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DAS GRADAS DO CAMPO MUNICIPAL DE BURGÁNS” (exp.: 2024020162), cun orzamento polo importe de 65.395,25 €.
- No marco do Plan + Provincia 2024 Liña 1 - Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.33996 de data 05/07/2024, concedéuselle ao concello de CAMBADOS unha subvención por importe de 78.755,78 €, para financiar o investimento “INSTALACION SISTEMA GRAVACION E XESTION VIDEO IP ANALITICA VIDEO E INTELIXENCIA ARTIFICIAL” (exp.: 2024021566), cun orzamento polo importe de 78.755,78 €.
- En data 20/11/2025, mediante resolución presidencial núm. RP202009328 e RP2025009334, trala petición formulada polo concello, acéptase a desistencia do *concello de CAMBADOS* ás subvencións concedidas salientadas nos parágrafos anteriores co obxecto do financiamento do investimento “REPARACIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DAS GRADAS DO CAMPO MUNICIPAL DE BURGÁNS” e “INSTALACION SISTEMA GRAVACION E XESTION VIDEO IP ANALITICA VIDEO E INTELIXENCIA ARTIFICIAL” deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 2025/942.9425.762.45.24 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 144.151,03 € para o financiamento de novas actuacións que pretende acometer o *Concello*.

CAMBIOS DE APLICACION			
Desistencias	REPARACIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DAS GRADAS DO CAMPO MUNICIPAL DE BURGÁNS. Exp: 2024020162	65.395,25	144.151,03
	INSTALACION SISTEMA GRAVACION E XESTION VIDEO IP ANALITICA VIDEO E INTELIXENCIA ARTIFICIAL. Exp: 2024021566	78.755,78	
Novos investimentos	ADECUACION DA CUBERTA ACTUAL DO GRADERIO DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BURGANS (cambio aplicación)- Exp: 2025074081	90.796,68	144.151,03
	SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO E LUMINARIAS + PROVINCIA 2024 (cambio aplicación)- Exp: 2025074076	53.354,35	



- Neste contexto, en data 07/11/2025 por rexistro WEB20250077687, emendado en data posterior, o concello de CAMBADOS, presenta solicitude de subvención por cambio de finalidade, encadrada na liña 1 do Plan + Provincia 2024, por importe de 90.796,68 €, con destino ao financiamento da actuación “ADECUACION DA CUBERTA ACTUAL DO GRADERIO DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BURGANS”, cun orzamento que importa 90.796,68 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	90.796,68	90.796,68	0,00	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do Facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 17/11/2025 e do Xefe do Servizo de Cooperación de data



20/11/2025 que informan favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, así como o informe favorable da Intervención Provincial de data 20/11/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Cambados* (CIF.:P3600600E), por cambio de finalidade, a cantidade de 90.796,68 euros, con destino ao financiamento do investimento “ADECUACION DA CUBERTA ACTUAL DO GRADERIO DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE BURGANS” (exp: 2025074081) cun orzamento que ascende a 90.796,68 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	90.796,68	90.796,68	-	-

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45.24 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle trasoado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención e ao Gabinete da Presidencia.

26.35809.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

